



FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO E AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR. CURSO ESCOLAR 2024/25.

Consulta a normativa e as modificacións que teñan lugar [neste enlace](#)

NORMATIVA	<ul style="list-style-type: none"> ORDE do 7 de maio de 2024 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan as axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2024/25 (códigos de procedemento ED330B, ED330G e ED330H). Enlace á orde no Diario Oficial de Galicia
ANEXO	<ul style="list-style-type: none"> Anexo I. ED330B. Solicitud de participación. Anexo II. Comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar.
DESTINATARIOS	<ul style="list-style-type: none"> Fondo solidario de libros de texto: alumnado matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria e 1º e 2º, 3º e 4º da ESO Axudas para adquirir libros de texto: alumnado matriculado en 1º e 2º de Educación Primaria e educación especial (EE); así como as axudas que pode recibir o alumnado incluído na disposición adicional primaria (discapacidade > 65%) e na disposición adicional segunda (necesidades específicas de apoio educativo-NEAE-), circunstancia que fará constar o centro na solicitude. Axudas para adquirir material escolar: alumnado matriculado en EP, ESO e EE.
FORMA DE PRESENTACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> (VÍA PREFERENTE) Presentación vía telemática na sede electrónica da Xunta de Galicia. PROCEDEMENTO ED330B Unha vez cubertos os datos, poderán gardala e obter o número de solicitude. Posteriormente, disporán das seguintes formas de presentación <ul style="list-style-type: none"> No centro: Imprimir a solicitude e o anexo II (debidamente asinados) xunto coa documentación que se crea pertinente Na sede electrónica da Xunta de Galicia Na aplicación informática “fondo de libros” (https://www.edu.xunta.es/fondolibros/) Presencialmente no centro no que estivese matriculado o alumno/a durante o curso 2023/2024: Debe presentarse, a solicitude (anexo I), comprobación de datos dos membros computables da unión familiar (anexo II) e documentación complementaria necesaria paratramitar o procedemento. Os documentos deben estar debidamente asinados.
PRAZO	<ul style="list-style-type: none"> 21 maio ao 21 xuño de 2024, incluídos Texto da convocatoria ORDE do 7 de maio de 2024 (DOG do 20 de maio) Procedemento ED330B

- **Anexo I debidamente cuberto** A solicitude deberá estar asinada polo pai, nai, titor/a ou representante legal do alumnado, e a súa presentación implicará que acepta as bases da convocatoria, cumpre os requisitos exixidos nela e que son certos os datos indicados na solicitude; así mesmo, que se compromete a conservar en bo estado e a devolver, ao finalizar o curso, os libros de texto e o material reutilizable recibidos do fondo solidario ou adquiridos coa axuda para libros de texto.

- **DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA**

a) **Anexo II (comprobación dos membros computables da unidade familiar)**

Para os seguintes documentos si a persoa solicitante e/ou os membros computables **se opoñen** a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente, ademais de achegar os documentos xustificativos:

- DNI ou NIE
 - Certificado do grao de discapacidade recoñecido pola Xunta de Galicia
 - Percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou dependencia de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade (equivalente a unha discapacidade igual ao 33%)
- Para a declaración do imposto sobre as persoas físicas ou, a falta deste, o certificado de imputacións de renda do exercicio 2022 será necesario o consentimento expreso. No caso de **NON autorizar** a consulta deberán achegar os documentos xustificativos.

b) Se o solicitante posúe DNI ou NIE:

- Copia do libro de familia ou equivalente onde figuren todos os membros computables.
- En caso de separación ou divorcio, deberán achegar a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor.

Nos casos especiais, en que a composición da unidade familiar non se axuste ao sinalado no artigo 4.1 da orde, achegárase un certificado ou volante de convivencia no que deberán figurar o/a alumno/a e todos os familiares que convivan con el/ela, ou un certificado dos servizos sociais do concello que acredite a situación familiar.

- c) Certificado acreditativo do **grao de discapacidade**, recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.
- d) **Violencia de xénero**: Acreditarase en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero
- e) Resolución xudicial de curatela representativa ou de patria potestade prorrogada ou rehabilitada mentres non se produza a revisión desta medida. no caso que corresponda
- f) Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou certificado do centro de menores para o **alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia**.
- g) **Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais** ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, **no caso de que o pai, nai ou titor e titores carezan de DNI e NIE**

En todo caso, os documentos deberán ser válidos e eficaces no momento da súa presentación, e reflectir a situación persoal, familiar e económica a 31 de decembro do 2022, agás no caso de violencia de xénero, en que se aplicará o disposto na lexislación específica.

Renda per cápita da unidade familiar: renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2022 dividido entre o número de membros computables.

- + Computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33% ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez ou a equivalente de clases pasivas
- + Renda da unidade familiar:
 - o Resultado de sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza
 - o Na declaración do exercicio fiscal 2022 renda, sumaranse a base impositible xeral (**recadro 435**) e a base impositible do aforro (**recadro 460**)
 - o Nos casos de violencia de xénero non se incluíra ao agresor na solicitude e, polo tanto, non se terán en conta os seus ingresos para determinar a renda per cápita.
- + Terase en conta a situación persoal e composición da unidade familiar a 31 de decembro do 2022 agás cando unha sentenza de separación ou divorcio posterior a esta data atribúa a custodia a un dos dous proxenitores e nos casos de violencia de xénero que se aplicará o disposto na súa lexislación específica.
- + Membros computables da unidade familiar
 - o Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o titor ou tutores do alumnado
 - o Os/as fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados
 - o Os/as fillos(as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente suxeitos, á patria potestade prorrogada ou rehabilitada
 - o Os/as fillos/as solteiros menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar
 - o A persoa proxenitora separada legalmente ou divorciada, cando haxa custodia compartida
 - o A persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora do alumnado

Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.

Non terá a consideración de membro computable:

- a) A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.
- b) O agresor nos casos de violencia de xénero.

En todo caso, terase en conta a situación persoal e a composición da unidade familiar a 31 de decembro de 2022, agás cando unha sentenza de separación ou divorcio posterior a esta data atribúa a custodia a un dos dous proxenitores e nos casos de violencia de xénero que se aplicará o disposto na súa lexislación específica.

Renda per cápita familiar				
	≤ 6.000 €	> 6.000€ ≤10.000€	≤ 6.000 €	> 6.000€ ≤10.000€
	LIBROS DE TEXTO		MATERIAL ESCOLAR	
1º- 2º EP	240€	160€	75€	60€
DE 3º A 6º EP	6 LIBROS	4 LIBROS		